O Profisional

Xornal de Información Xeral do Instituto de Educación Secundaria "María Sarmiento"

Ano XXI - Número 58 Viveiro, 19 de decembro de 2014

PREMIO NACIONAL ÁS MELLORES PRÁCTICAS EDUCATIVAS - CURSO 2003-04

A Resolución do 19 de setembro de 2014, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, estableceu o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos

RENOVACIÓN PARCIAL DO CONSELLO ESCOLAR



A xornada electoral tivo lugar o 24 de novembro durante todo o día, en diferentes horarios segundo os colectivos, para favorecer a participación. En total renováronse seis membros do Consello Escolar: dous do colectivo de profesores, dous pais (como representante da ANPA segue Jaime Baltar Infante) e outros dous dos alumnos; ao tratarse dunha renovación parcial non se elixe a representante do persoal non docente Marta Arias Chao e, por parte do Concello de Viveiro, tamén segue Covadonga Viamonte Aguiar.

A escasa participación do colectivo de pais foi, unha vez máis, o máis destacable da xornada, acudindo a votar só 4 pais dun censo de 518 o que significa unha porcentaxe do 0,77%.

En canto ás candidaturas presentadas e os votos acadados polos diferentes colectivos, foron os seguintes:

-Alumnos, Antía Fernández Barro, 129 votos; Andrés Paleo Cáceres,102 votos e Óscar Canoura González acadou 59 votos.

-Pais, só se presentou Ana Mª Rivera Abad, que levou os 4 votos emitidos.

-Profesores, José Ramón Gómez Estévez, 20 votos e José Javier Lebón Díaz, 13 votos.

Respecto á participación dos outros sectores, foi a seguinte:

-Alumnos, sobre un censo de 806 votaron 302, o que significa un 37,4% de participación.

-Profesores, de 86 votaron 40, ven ser o 46,5 %.

Á vista dos resultados imponse unha seria reflexión no referente á necesaria participación.

"A Mariña Emprende" (páx. 3)

Entrevista a Narciso Pillo (páx. 4)

Actividades en Europa (páx. 6 e 7)

***

Caminar para encontrarnos (páx. 10)

A avespa asasina (páx 11)

O alto da Gañidoira (páx. 16)

***

Historia dun esqueleto (páx. 18)

cine para a reflexión: "Hoy empieza todo" (páx. 23)

A Educación en España (V) (páx. 24)

EDITORIAL

Competencias

O pasado mes de novembro, un grupo de trinta profesores iniciamos o primeiro curso do plan de formación no propio centro adicado a traballar por competencias.

Imos ter a sorte de contar con profesores/as especialistas impartíndonos esta innovadora materia que é do máis avanzado que existe hoxe como renovación pedagóxica aplicada ao alumnado. Este resultado de aprendizaxe por competencias, que xa se está a utilizar nas avaliacións de diagnóstico, será un estándar no futuro.Polo tanto, estamos traballando para que os nosos alumnos e alumnas sexan dos primeiros de Galicia en estar preparados para os novos retos e para que os seus estudos lles sexan máis aplicables na vida real.

O alumnado e familias que elixiron estar no noso Instituto deben saber que sempre traballamos nos temas máis avanzados que se planean en innovación educativa, cun enfoque de mellora continua.

Iniciando estas novas técnicas educativas por parte do noso centro, teño que recordar aqueles primeiros grupos de traballo que a comezos dos anos dous mil, deseñaron a misión do noso instituto na sociedade a través doutra importante etapa, na que o IES María Sarmiento foi dos primeiros en aportar un importante traballo de mellora da ensinanza pública, sendo un dos primeiros de Galicia en implantar un sistema de calidade ISO 9001.

Espero que esta nova etapa innovadora que abrimos este curso, volva poñer o IES María Sarmiento entre os institutos mais importantes e innovadores da nosa comunidade.

Debemos estar agradecidos do bo traballo realizado polo noso coordinador de formación, José Ramón Gómez e ao profesor experto en competencias, Diego Rúa, que son os encargados de poñer en marcha esta importante acción formativa. Tamén ao asesor do centro de formación do profesorado.

Seguro que esta nova etapa innovadora que agora comezamos nos marcará o camiño cara á mellor formación para o noso alumnado.

O Director: Juan J. Pardo

DEIXOUNOS
CARMEN SANTABALLA

A que fora profesora de Ciencias Socias do noso centro dende o 1998, Carme Santaballa Mera, faleceu o pasado 28 de xuño aos 62 anos de idade.

Como Mestra de Primaria comezara a súa carreira docente no ano 1975 en Mera (A Coruña), percorrendo diferentes destinos, Meicende, Malpica, O Barqueiro, Escola de Adultos de Viveiro, ata adscribirse ao IES María Sarmiento no curso 1998-99; como Mestra, Psicóloga e Pedagoga sempre amosou un profundo amor pola docencia que impartía con gran adicación.

As nosas condolencias aos seus familiares e amigos.

ELECCIÓNS SINDICAIS

As eleccións celebráronse o día 4 de decembro, e a mesa electoral estivo formada por Néstor Timiraos Labaen, presidente, ademais de José María Leal López e Diego Rúa Romero que actuaron de vogais.

En canto aos resultados e á participación, temos os seguintes datos:

CENSO: 85 profesores
VOTARON: 52 profesores, o 61.17 %
CIG, 28 votos, o 32.9 % dos votantes
ANPE, 8 votos, 9.4 %
UXT, 7 votos, 8.2 %
STEG, 1 voto, 1.17 %
CC.OO., 1 voto, 1.17 %
NULOS, 5 votos, o 5.8 %
EN BRANCO, 1 voto, 1.17 %

IMS IES MARÍA SARMIENTO 75 ANIVERSARIO 1932 2007
Ensino de calidade para todos
ESO, Bacharelatos, Ciclos medios e superiores, ESA
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROXECTO "A MARIÑA EMPRENDE"

Entrega de premios do curso 2013-14

A finais do curso pasado, o 19 de xuño, tivo lugar en Burela a clausura do "Proxecto a Mariña Emprende" promovido pola Consellería de Educación, Alcoa e o diario "El Progreso".

Neste acto entregáronse os premios do concurso de ideas para a realización de proxectos empresariais polo que foron galardoadas co terceiro premio dúas alumnas do noso centro, Rocio Díaz Costa e Tamara Gómez Rodríguez do ciclo superior de Administración e Finanzas co proxecto empresarial "Valentina".

Este proxecto ten como obxectivo a posta en marcha dunha empresa organizadora de vodas (wedding planner) e consiste en proporcionar un servizo exclusivo a todas as parellas que contraten esta empresa, ofrecendo calidade, profesionalidade e satisfacendo todas as necesidades relacionadas con estes eventos. O traballo é una elaboración totalmente propia e orixinal das galardoadas, as cales foron dirixidas e axudadas pola profesora Yolanda Fernández López desenvolvendo o seu traballo ao longo do curso 2013-2014 para a súa presentación en maio ao devandito certame. Cabe salientar que utilizaron para a elaboración do seu traballo ferramentas coma un *blog* e *facebook*.

FORMACIÓN INTERNA

O novo Plan de Formación interna do centro, presentado no Claustro de inicio do curso xunto con outros obxectivos anuais, estará coordinado polo profesor de Filosofía, José Ramón Gómez Estévez, e ten como obxectivos iniciais o desenvolvemento de capacidades do profesorado no referente a:

-Competencias clave

-Libros dixitais

No caso das competencias clave xa se comezou o seu desenvolvemento cun cursiño de formación inicial que continuará co de elaboracion das programacións didácticas e o proceso de avaliación; neste caso o profesor encargado desta acción formativa foi Diego Rúa Romero de Pedagoxía Terapéutica.

Días non lectivos aprobados polo Consello Escolar:
3 de novembro de 2014
4 de maio de 2015

¡Bo Nadal e Aninovo 2015!

ENTREVISTA:

Narciso Francisco Pillo Guerreiro

Narciso Pillo é natural do Sixto (Ourol). Foi alumno do noso centro dende o ano 1965 ao 1971 cursando Carpintería onde obtivo o 1º premio provincial no XXV concurso de Formación Profesional celebrado en Lugo no curso 70-71.

Despois iniciou una espectacular carreira musical cursando estudos de saxofón no Real Conservatorio de Música de Madrid e situándoo entre os mellores saxofonistas a nivel internacional.

Na actualidade é profesor do Conservatorio Superior de Música da Coruña, cidade onde reside xunto á súa parella, a pianista Natalia Lamas.

Que lembranzas tes do teu paso polo que daquela era a Escola de Maestría de Viveiro?

O meu recordo en canto ao meu paso pola Escola de Maestría Industrial, visto xa dende a perspectiva dun tempo afastado, é francamente bo. Non fun un bo estudante e, malia iso, recibín sempre un trato exquisito por parte de todo o profesorado, particularmente os profesores de taller (carpintería). Nos meus faladoiros sempre quero resaltar a importancia daquelas Escolas de Oficios onde o primeiro ano pasabamos tres meses por cada un dos talleres para poder decidir dun modo máis certeiro o que realmente nos gustaba máis. Recordo a miña participación no campionato provincial, que gañei, ou o de sector no que tamén fun afortunado, o cal me facilitou a posibilidade de participar no nacional e que xa non fixen por estar inmerso de cheo no mundo musical.

-Foto que figura no seu expediente académico do curso 1965-66-

Dicir que nese tempo xa sentía verdadeira inclinación cara á música, probablemente algo innato en min, que ao final se convertería na miña profesión e xa que logo o meu medio de vida, seguramente esa é a razón pola cal entre os meus recordos figuran aquelas actuacións musicais que faciamos por San Xoán Bosco.

Foi nese momento cando xurdiu a súa inclinación musical? De que maneira?

Non, eu entrei na Escola de Maestría querendo ser músico, algo co que a miña nai non se mostraba moi conforme, hoxe opina de forma moi diferente. Descubrín o mundo da música da man dun compañeiro que no transcur-

so dun dos recreos no Colexio Pastor Díaz me invitou a asistir ás clases da Banda, creo que eu tiña uns once anos.

Sinálanos un pouco o percorrido pola túa brilante carreira musical?

Empecei a estudar música, como dixen anteriormente, na Banda de Viveiro con D. Alfonso Mariño Parapar, examinábame por libre no Conservatorio Profesional de Música e Declamación da Coruña. Cando cumprín 16 anos a miña familia traslada a súa residencia á Coruña e entón empezo a estudar oficialmente no Conservatorio de devandita cidade; neste centro remato os estudos de grao profesional, sempre con notas brillantes. Unha vez finalizados os estudos de grao medio trasládome a Madrid para continuar a miña formación no Real Conservatorio Superior de Música e realizar os estudos de grado superior, os cales termino con "Matrícula de Honor" e "Premio de Honor Fin de Carrera". Ampliei os meus coñecementos musicais con Daniel Defayett, profesor do Conservatorio Nacional Superior de Música de París.

Nos meus anos mozos formei parte de varias orquestras (Piccolos, Finisterre, Os Satélites), pero o mundo da música de baile nunca me encheu de todo, a miña inclinación sempre foi cara á música clásica.

En 1982 ingreso, por oposición, na Banda Orquestra Municipal da cidade da Coruña e, en 1991, paso a formar parte, tamén por oposición, do corpo de Profesores de Música e Artes Escénicas con destino no Conservatorio Superior de Música da Coruña.

- Actuación de Pillo no salón de actos da Escola de Mestría Industrial durante o San Xoán Bosco (30 de xaneiro de 1970) -

Destes anos son importantes o número de concertos: como solista, con diferentes orquestras, grupos de cámara, etc… pero sobre todo gústame sempre resaltar os realizados en compañía da pianista Natalia Lamas, compañeira na vida e na arte.

Na actualidade sigo exercendo como profesor no Conservatorio Superior de Música da Coruña e tamén como director da Banda Municipal de Ferrol, ademais de impartir numerosos cursos de técnica e interpretación, organizando concursos internacionais, etc…

De todo o meu historial académico -o musical ten pouco que ver co da escola- resulta realmente fácil observar a importancia e a fortuna de poder realizarse no que realmente a un lle gusta, sobre todo á hora de evitar situacións que inciden notablemente no rendemento académico. Non me canso de estudar algo que me gusta, do mesmo xeito que me resulta realmente dificultoso traballar sobre algo que non me interesa o suficiente, seguramente como a maioría dos mortais.

Volviches nalgún momento ao IES María Sarmiento?

Si, tiven a oportunidade de pasar de novo polo IES María Sarmiento para realizar un concerto en compañía de Natalia Lamas, significou para min un grato reencontro cos meus anos de mocidade. Fun invitado por Juan Luís Otero, un dos meus profesores no taller de carpintería, gran ebanista. Foi un reencontro con algúns profesores aínda en activo e tamén con antigos compañeiros o cal provoca na miña persoa unha sensación de revivir o pasado dun modo realmente agradable.

* * *

Queremos agradecerlle a súa disposición a ser entrevistado para este xornal escolar, nun momento do curso especialmente ocupado, e aproveitar para felicitalo polo recente éxito acadado como coorfdinador do Festival Internacional de Piano de Ferrol.

Moitas grazas.

- REDACCIÓN -

ENTREVISTADOS ANTERIORMENTE:

Uxío Rodríguez García
Patricia Amigo Caruncho
Óscar Rolle Calvo
Javier Mariño Chao
Adrián Ben Montenegro
Juan Antonio Menéndez Rocha
Eric Rodríguez Wolpers
Manuel Mira Martínez
Manuel Fernández López
Gonzalo Dablanca Blanco
Rebeca Bermudez Ramudo
Ángel Rodríguez Vázquez
Patricia Mariño Bouza
José Rodríguez Costa
Pedro Álvarez Expósito
Mª Dolores Núñez Estévez
Francisco Basanta Barro
Euloxio Xesús Rubert Méndez

VISITA AO PARLAMENTO EUROPEO

Un grupo de alumnos de ciclos formativos de administración e de bacharelato realizaron, do 11 o 16 de outubro, unha viaxe cultural a Bruxelas para visitar o Parlamento Europeo

- Na fotografía superior vemos o grupo visitando o hemiciclo do Parlamento Europeo e, na inferior, están fronte á Catedral de San Michel en Bruxelas -

Ao chegar foron recibidos polo eurodeputado Francisco J. Millán Món e o Conselleiro de Educación en Bélxica José Luis Mira Lema, e despois dunha charla informativa sobre o funcionamento e organización da institución, visitaron o hemiciclo. Funcionarios da Institución explicáronlles tamén como se distribúen os eurodeputados, os tradutores - é o parlamento do mundo onde se falan máis linguas distintas, 24-, así como onde se sitúan prensa e invitados.

Aproveitaron a estadía de cinco días para coñecer, ademais de Bruxelas, as cidades de Gante, Bruxas e Amberes.

Na cidade natal de Carlos I viron a Catedral de S. Bavón (coñecida polo retablo da Adoración do Cordeiro Místico, obra de Hubert e Jan van Eyck, e onde foi bautizado Carlos I), o Castelo de Gerardo o demo, Stadhuis ou Concello de Gante, Praza de Korenmart, campanario de Belfort e Igrexa de S. Nicolás.

En Bruxas, coñecida tamén como a Venecia do norte e cuxo casco histórico é Patrimonio da Humanidade, visitaron o Lago do Amor ou Minnewater, beaterio fundado en 1245, Praza Maior tamén chamada Markt, Hospital de S. Xoán, Igrexa da Nosa Señora, pazo dos señores Gruuthuse, canle Dyver, peirao de coroas de rosas, prazas dos curtidores do castelo e do mercado, o Concello gótico ou Stadhuis, a basílica da Santa Sangre, a catedral de S. Salvador, rematando cun paseo en barco polas canles.

Mentres, en Amberes estiveron no mercado da carne, castelo Het Steen, Praza do concello (Grote Markt), Catedral da Nosa Señora, igrexa de S.Carlos de Borromeo, paseo das tortas, rúa Meir, Casa Museo de Rubens, estación central, e barrio do Diamante.

En Bruxelas, ademais do Parlamento, visitaron a Grand Place, coñeceron as lendas do Manneken Pis, a historia do Barrio do Gran Sablón, Notre Dame du Sablón, o Pazo Real, a Catedral de S.Michel e Sª. Gúdula, o Pazo de Xustiza, Basílica do Sagrado Corazón, as Galerías Saint Hubert e o Atomium (diseñado como símbolo e pavillón principal da Exposición Universal de Bruxelas de 1958), entre outros.

Na viaxe estiveron acompañados polo profesor Ramón Cajoto Sante quen tamén se encargou da organización da viaxe, despois das xestións realizadas polo Conselleiro de Educación en Bulgaria, César Aja Mariño, quen fixo posible a consecución da viaxe que se enmarca dentro dos programas europeos que ten o Parlamento.

A experiencia foi altamente positiva e gratificante para todos os participantes, xa que tiveron a oportunidade de coñecer "in situ" o espazo onde se toman grandes decisións que nos afectan directamente a todos, e visitar grandes cidades europeas. Tanto o responsable da viaxe coma a dirección do centro esperan poder volver repetir a experiencia, agradecendo o esforzo realizado a todos os que o fixeron posible.

FCT EN ITALIA

Ana Mª Rivera Abad, alumna do ciclo de Xestión Administrativa de adultos foi a primeira do noso Instituto en realizar parte do módulo de formación en centros de traballo fóra do noso país. A FCT tivo lugar en Potenza (Italia) na empresa "Instituto Regionale per la Foemazione e la Ricerca" durante o mes de setembro deste ano. A realización e financiamento destas prácticas englóbanse dentro dos proxectos europeos *Erasmus+* nos que participa o noso Instituto por primeira vez, despois de que obtivera a carta Erasmus no pasado curso, do cal informamos no número anterior do Provisional.

Este proxecto permitiulle coñecer o funcionamento interno dunha empresa intracomunitaria, así como das súas institucións, desempeñando tarefas de xestión administrativa segundo a estrutura organizativa da Empresa, a normativa propia do país e a mellora das competencias lingüísticas, pecualiaridades que fan deste programa unha experiencia enriquecedora tanto a nivel profesional como persoal.

O noso centro comezou esta andadura grazas á colaboración prestada polo Instituto Monte Castelo de Burela que leva moitos anos participando nestes programas.

Para abril, continuaremos coa experiencia segundo a carta Erasmus+ e tamén no marco do convenio asinado coa Consellería de Educación dentro do proxecto *"Europa.Next Station: Vocational Training Network"*, o cal permitirá que outros alumnos poidan repetir unha magnífica experiencia coma a que nos relatou Ana María.

BUSCA O NOME DE SETE INTELECTUAIS DO GALEGUISMO DA XERACIÓN NÓS

A	O	A	R	O	X	I	A	R	C	A	M	E	C
X	R	M	I	P	E	S	A	Ñ	A	R	B	S	H
A	E	R	S	S	A	E	N	A	O	E	S	I	A
S	L	P	C	I	A	C	R	O	H	T	C	R	R
A	A	M	O	A	L	E	T	S	A	C	Ñ	G	P
K	C	U	E	V	I	L	L	A	S	M	O	U	L
E	N	B	E	O	Ñ	I	L	F	X	A	C	L	R

Centro de Transfusión de Galicia

O pasado 22 de febreiro realizáronse **36 doazóns** de sangue no IES "María Sarmiento"; **19 foron de persoas que doaron por primeira vez** e houbo outras que acudiron a doar e non o puideron facer por diferentes motivos.

MÁIS INFORMACIÓN EN:
doadoressangue.ctg@sergas.es

DOA SANGUE
900 100 828

CURIOSO

- Os nomes que máis se repiten entre o alumnado do noso centro son:

RAPAZAS:	RAPACES:
Ana, 9	David, 22
Andrea, 8	Adrián, 20
Paula, 8	Iván, 14
Raquel, 8	Cristian, 10
Nerea, 7	Diego,10
María, 6	Pablo, 10
Antía, 5	Brais, 9
Lara, 5	Manuel, 9
Lucía,5	Daniel, 8
Sara, 5	Martín, 8
Carla, 4	Jorge, 7
Tania, 4	Javier, 6
Iria, 4	Bruno, 5
Eva, 3	Iago, 5
María José, 3	Carlos, 5
Noelia, 3	Jonathan, 5

- O alumno máis xove aínda cumprirá 12 anos o vindeiro 28; mentres, o de maior idade xa ten cumpridos os 52.

O Provisional

fai 20 anos

Portada do nº 1 de 22/12 de 1994
EDITORIAL: Á elección do novo Consello Escolar
SUMARIO: Visita de Neira Vilas, Conferencia de Antón Reixa, Plantel de profesorado, Irrupción da música no ensino público, La espalda? bien gracias, O noso profesor: Ramón Barro, O rincón ecolóxico, Competicións e resultados, Qué é ESO?

fai 15 anos

Nº 16, publicacion 21/12/1999
Editorial: de cara ao ano 2000
Contidos: Díaz Freijo o pais dos pobres, Xosé de Leira, Festa do magosto, A Voz do Courel, Unha novela de..., O FSE financia obras, Tentempé, Teatro Picnic, Ollo de sapo, Doazón de sangue, Forzas Armadas

fai 10 anos

Portada do nº 31 de 22/12/2004
Editorial: Ensino público, algo máis ca un traballo
SUMARIO: Proceso de calibración, NITRO: pé á chapa, A beatlemanía en Xixón, Agustín Rodríguez, Ruta do Monte Faro, Formación ocupacional, Magosto 2004, A paisaxe, Toda unha vida..., Willie Dixon, Reforma da reforma

fai 5 anos

Portada do nº 46, publicado o 22/12/2009.
Editorial: Contra a crise, preparación.
SUMARIO: Visita do Conselleiro de Educación, alumnos da promoción 60-63, Nomes propios: D. Ángel Rodríguez Vázquez. Avaliación de diagnóstico, O ferrocarril Ferrol-Xixón. Inspección Técnica de motos, A matanza do porco. Aeronáutica, o mellor..., James Cotton, O festival celta de Ortigueira, A gripe polo novo virus A

PLAN DE IGUALDADE

Ao longo deste trimetre continuouse coa redacción do Plan de Igualdade do Centro en colaboración co CIM (Centro de Información á Muller) do Concello de Viveiro, un proxecto que está financiado con fondos da Secretaría Xeral de Igualdade e do Fondo Social Europeo.

Foron os alumnos de 4º de ESO, -que xa traballaran temas de prevenvion de violencia de xénero, o ano pasado, en 3º-, os que estudaron en diferentes sesións, -ademais das horas de titoría-, aqueles aspectos que teñen que ver coa igualdade de xénero e a prevención de condutas sexistas, redactando un código que agora terá que rematarse e artellarse na estrutura organizativa do Centro.

A coordinadora no noso Instituto foi a Orientadora, Belén García Caruncho, quen se amosou moi satisfeita co material elaborado nacido do traballo directo dos propios alumnos e polo cal adquire, se cabe, maior importancia.



APROBADOS

Nas últimas oposicións celebradas no mes de xullo acadaron praza de funcionarios os exprofesores do noso centro Xosé Lois Gutiérrez Faílde de Xeografía e Historia e Eva María López Pérez de Matemáticas. Parabéns.

CESTA DE NADAL

A empresa concesionaria do servizo do comedor escolar, San Román do Val, S.L. (Alfredo Almoina), doou unha cesta de Nadal para sortear mediante un sistema de papeletas que permitirán recadar parte dos fondos para a viaxe de fin de curso dos alumnos de 4º de ESO.

Moitas grazas.

LOTARÍA

O persoal do IES María Sarmiento xoga este ano 2014 na lotaría de Nadal uns 9.000 euros ao número

89.243

.gal

XORNADAS DE FOLGA

A folgas do ensino convocadas polos sindicatos de estudantes os días 21, 22 e 23 de outubro e 20 de novembro tiveron, como vén sendo habitual, unha ampla repercusión no IES "María Sarmiento".

Se consideramos o total de alumnos, a porcentaxe de participación facilitada pola Dirección do centro foi do 45%.

Mentres, se excluímos aos alumnos de 1º ciclo de ESO (que non poden ir á folga) a porcentaxe sería do 75%.

No caso de alumnos de ciclos formativos e de 1º de Bacharelato o índice de participación superou o 80% dos alumnos.

FOTO ÁLBUM

MARCHA COA ANTORCHA DENDE MONDOÑEDO ATA A ESCOLA DE MAESTRÍA INDUSTRIAL
- 31 de xaneiro de 1974 -

caminar para encontrarnos

A veces parece que todo tarda en llegar, que los días no se suceden, las horas no corren, que el mundo se detiene asfixiado por la espera cuando lo único que queremos es que llegue ese mañana. Y mientras nos ahogamos, malgastamos el tiempo sin valorar lo que nos regala: segundos en constante renovación repletos de experiencias de las que aprender, instantes que nos cogen entretenidos pero que más adelante, cuando nos apetezca mirar atrás, recordaremos con nostalgia.

Si el mundo no marcase su ritmo dirigido por un reloj, si nos diéramos cuenta de que sólo es enteramente nuestro este momento, ¿aprenderíamos a aprovecharlo mejor?

Me refiero a que las sensaciones más maravillosas pueden estar ocultas en las cosas más sencillas, como en esa canción de rock que provoca que te levantes de un salto de la silla. El secreto de la vida no debería ser ningún secreto: se encuentra en saber exprimirle el jugo.



Haz lo que te haga sentir bien, arrepiéntete solamente si hieres a los demás, no temas hacer el ridículo porque de cada situación embarazosa se sacan cinco noches riéndote mientras la recuerdas. No dejes de anhelar contemplarlo todo, cada paisaje, cada motivo; cánsate de conocer gente nueva, porque es de este modo cómo se puede observar el mundo desde otras perspectivas antes desconocidas. Así crecemos sin ni siquiera percibir el cambio, somos víctimas y culpables a la vez del deterioro de cada cosa que tocamos. Sin embargo, lo curioso es que necesitamos seguir caminando para llegar a encontrarnos, para hallar una salida en esta alcantarilla desde la que se puedan ver las estrellas, como reflejó Wilde.

Y sí, he llegado a emocionarme con los colores que tiñen los crepúsculos, he llegado a llorar por simplemente una melodía con los acordes de guitarra perfectos, he llegado a pedir perdón mil veces por cada cien mil que me he equivocado... pero todo eso me hace ser quien soy y, repito, no me arrepiento.

Tan solo espero que llegue un día en el que el planeta por completo explote esos rasgos internos que nos hacen a cada uno diferentes, pero igualmente eternos.

Iria Moliner Piñón
(ex alumna)

A avespa asasina invade a Mariña e chega ata o noso patio



O pasado 19 de agosto foi retirado un niño de avespa asiática que se instalou nunha cornixa que dá ao patio á altura da aula de Administración. Un equipo de profesionais da empresa Tragsatec auxiliados polo guindastre dos bombeiros acudiu a retirar o enxame despois da alerta dada pola dirección do centro.

Esta situación vénse repetindo, a razón de media ducia de niños por xornada, dende que esta especie velutina, tamén coñecida como vespa asiática ou asasina, colonizara practicamente todo o norte de España, particularmente a Mariña de Lugo, tanto no medio urbano coma rural.

Os cazadores das vespas adoptan medidas excepcionais de protección para evitar as temibles e perigosas picaduras (o aguillón chega a 0,6 mm. de diámetro); logo, o niño é rociado cun "spray" altamente tóxico que mata o bicho dentro do niño, o cal pode ter o tamaño dun barril. Neste proceso é básico atopar a raiíña para que non poida crear outro.

Diversos colectivos ecoloxistas e asociacións de apicultores demandan medidas para erradicar a praga.

A SITUACIÓN

Estamos ante a invasión dunha nova especie que está provocando importantes danos no sector apícola e que pode levar á práctica desaparición das colmeas autóctonas. So unha actuación coordinada podería paliar os danos desta praga, hoxe por hoxe, imparable.

En diferente foros podemos atopar fichas específicas con información sobre esta especie: a súa anatomía, bioloxía, etc. Dende este xornal escolar, so pretendemos incidir no problema para que os nosos alumnos sexan conscentes das implicacións que pode acarrear a introducción de fauna non autoctona e axudar a que valoren o noso patrimonio natural.

A avespa asiática foi localizada, por primeira vez en Europa, en Francia no 2005 nos arededores de Burdeos (din que probablemente transportada nun cargamento de madeira procedente de China). En pouco tempo exstendeuse por todo o sur do país veciño, atravesando os Pirineos e, no 2010, xa se detectou en Iruña.

Ao día de hoxe está distribuída pola cordilleira Cantábrica e practicamente por toda Galicia, avanzando a un ritmo de 100 Kms/ano.

O CICLO BIOLÓXICO

En febreiro e marzo as raíñas saen da hibernación. A nova comeza buscar un lugar para fundar o seu novo niño primario, a pouca altura. En abril e maio inicia a posta e, co nacemento das obreiras, o niño amplíase e trasládase a maior altura (más de 10 metros, como sucedeu no noso patio). Agora a raiíña céntrase na posta e as obreiras que realizarán os traballos de construción, pecorea,

CICLO VITAL DA RAIÑA

FEBREIRO-MARZO
As raíñas son as únicas que sobreviven ao inverno

ABRIL-MAIO
Comenza a construción do niño, a posta de ovos e a alimentación das crías

XUÑO-AGOSTO
Nacen as obreiras. Encárganse de ampliar o niño e de alimentar a raíña e as crias

SETEMBRO - OUTUBRO
A raíña pon os ovos dos que sairán machos e raiñas. Os machos fecundarán as raíñas e abandonan o niño. A raíña vella morre.

OUTUBRO - NOVEMBRO
As novas raiíñas buscan un sitio seguro para hibernar

DECEMBRO - XANEIRO
Entran na fase de hibernación en furados, árbores...

crianza, etc. A busca de alimentos faise máis intensiva, de maneira que polo verán a colonia pode ter unhas de 10.000 celas e chegar aos 12.000 individuos.

Tamén é neste momento cando os ataques ás nosas colmeas se acentúan porque é cando a colonia necesita máis proteínas para dar de comer a súa prole. A avespa asasiña aliméntase de abellas (ademais doutros insectos), apostándose en voo estático diante da piqueira da colmea, atacando as pecoreadoras que veñen do seu traballo. Se as colonias de abellas son pequenas, as avespas poden chegar a facer un "asalto" masivo, entrando no interior para alimentarse directamente da cría.

En setembro os machos aparéanse coas novas raíñas.

No inverno, as novas raiíñas deixan o avispeiro para hibernar illadamente, mentres que as obreiras e a antiga raiña morrren rematando así o ciclo. O niño é abandonado e xa non volverá a utilizarse ao ano sieguinte.

OS DANOS NAS COLMEAS

Como se dixo, a avespa é unha asasina carnívora; o acontecido na Mariña de Lugo (onde nos informamos) é similar ao que pasou nos primeiros momentos en Francia. Ao principio, os danos nas colmeas non eran moi preocupantes; podían presentar dúas ou tres avespas cazadoras diante de sus piqueiras, pero agora xa perigan as abellas autóctonas e danse casos de desaparición de colmeas enteiras porque aquí os colmeeiros son pequenos e os danos resultan insostibles para os apicultores que non soen ser profesionais.

As raíñas (das abellas) son decapitadas polas velutinas durante os voos fecundación, quedando as colmeas orfas. Como consecuencia, as abellas resístense a saír da colmea polo medo ao ataque (comportamento similar ao da presenza do meixengra), o que conleva unha perda produtiva moi difícil de cuantificar, pero que os apicultores e expertos consideran desastrosa.

Segundo recollía O Progreso (2/11/2014) xa acabaron con 1.000 colmeas na Costa de Lugo, cunha perda duns 20.000 Kg. de mel. Tamén di este xornal que dos 376 niños retirados en Galicia, 267 foron no norte

TAMAÑO COMPARATIVO

De esquerda a dereita temos:

(1) obreira, (2) abázcaro e (3) raíña da abella común.

(4) Avespa común.

(5) Avespa velutina (asasina).

de Lugo.

Ademais detectáronse danos enfroiteiras (uvas, cereixas, etc.) xa que as avespas se alimentan delas para conseguir azúcres; ademais molestan en actividades ao aire libre e en mercados. Lembremos que a mediados de outubro unha parella de San Román do Val (O Vicedo) foi atacada cando accidentalmente agrediron o niño ao limpar maleza, acabando os vicedenses no hospital da Costa en Burela.

COMO DESFACERSE DESTA PRAGA

Poñerlles trampas á entrada das colmeas (principais afectadas) só serve para reducir a presión sobre un colmear concreto pero é inútil para controlar a expansión do insecto invasor. Aínda así, son moitos os artiluxios inventados polos propios apicultores para tentar reducir ao máximas perdas nas súas colmeas. Se acaso, pode ser máis efectivo o uso de trampas na primaveira para a captura de raiíñas fundadoras nun radio de medio quilómetro arredor do niño do ano anterior.

Por outra banda, o uso de trampas é, cando menos, controvertida porque non se garantiza a selecti-

O niño ten forma de globo, cun diámetro que vai dende os 40 cms ata perto dun metro. No seu interior, a colonia de velutinas pode chegar aos 10.000 individuos. Por fóra, o niño ten unhas follas de pasta de papel e no seu interior hai celas e cámaras de ventila-

vidade das mesmas e poden provocar a morte doutras especies autóctonas de insectos (avespas, moscas, abellas, etc), polo que non parece demasiado aconsellable.

A localización dos niños no medio rural é moi complexa e aínda máis a súa destrución debido á altura á que os constrúen. Tamén hai que ter en conta a forte defensa e a agresividade das avespas foráneas son atacadas. Como dixemos ao comezo do artigo ao referirnos ao caso do niño que se asentou no noso patio, é necesario contar cun guindastre, nese caso dos bombeiros, e ten que ser persoal especializado o que proceda á eliminación da colonia.

Os operarios, ao frente dos cales hai un veterinario, teñen que equiparse con traxes especiais (os típicos de apicultor non serven porque os atravesa o aguillón), luvas e botas. Ademais inxectan un forte insecticida que os mata. Xorde a polémica sobre a eficacia da medida, moitos apicultores pregúntanse pola motivación económica que puidera mover ás empresas que procuran eses equipamentos.

Tamén hai expertos que pensan que as abellas autóctonas acabarán "aprendendo" un mecanismo de defensa similar ao que pasa en China, Norte da India e Indonesia onde as abellas fan unha pelota arredor das avespas malas afogándoas de calor (as vespas velutinas non aguantan temperaturas que superen os 45º C).

Xurdiron ideas moi interesantes e imnovadoras coma a da sociedade Vision Scope de Mont de Marsan que, xunto con Etienne Roumailhac, apicultor das Landas (sudoeste de Francia), puñeron a punto un drone cazador que xa está operativo.

En fin, estamos ante unha verdadeira invasión que acabará por afectar a toda a Península Ibérica e á cal parece que só se poderá facer fronte dende unha postura común de todos os organismos, asociacións e colectivos implicados coordinados dende un organismo nacional ou supranacional.

REDACCIÓN.-

@aribeiradixital

- Xornal dixital de Viveiro -

aribeiradixital.com

MALALA E KAILASH, PREMIOS NOBEL DA PAZ 2014

A paquistaní Malala Yousufzai de só 17 anos foi galardoada xunto a Kailash Satyarthi co Nobel da Paz.

Xa de nena mantivo un blog na web da BBC (co seudónimo de Gul Makai) facendo una acendida defensa do dereito das nenas a asistir á Escola mentres os talibáns o prohibían poñendo en risco a súa integridade física. De feito soufriu un atentado no 2012 que case a mata. A súa lenta recuperación, xa en Reino Unido, serveu para afianzar aínda más o seu discurso e as súas reivindicacións.

Pola súa banda, o indú Kailash Satyarthi é un activista social que traballa a prol da liberación dos nenos forzados a traballar en condicións de escravitude. Aos 26 anos abandonou a súa carreira de enxeñeiros fundando a ONG "Movemento para Salvar a Infancia" na India. Seguidor do pacifismo de Gandhi, a súa loita contra o traballo infantil ten traspasado as fronteiras do seu país coma o caso da Marcha Global contra o Traballo Infantil.

Estabañón

A Asociación Cultural Estabañón presentou o pasado 8 de agosto unha nova publicación dentro da súa faceta editorial relacionada con Viveiro e a súa historia. Trátase dun ensaio de Julio Fernández-Sanguino Fernández baixo o título de *"Viveiro a través de los viajeros del siglo XIX"*.

Dende Estabañón xa tiñan publicado anteriormente *"As carrachentas"* de Fina Roca, *"El digesto indigesto"* de Fernando Pérez Barreiro, *"A Francesada en Viveiro, 1889"*, Xosé R. Fernández, *"Viveiro, síntesis del incensario y la gaita"* de José Travieso Quelle e *"Viveiro y A Mariña"* de Álvaro Ruibal Carballal, o catálogo inédito de D. Juan Donapetry Iribarnegaray titulado *"Heráldica Vivariense"* e *"Seis poetas olvidados"*, unha antoloxía con obras de Alonso Pérez de Vivero e Luis de Vivero (século XV, principios do XVI), Nicolás Taboada Leal (XVIII), Camelia Cociña de Llansó, José Almoina Caballero e Luis Tobío Campos (os tres de finais do XIX, comezos do XX). No 2012 sacaron a novela curta *"La cueva de la doncella"* de J.A. Parga Sanjurjo, que se presentou por entregas no xornal Galicia Regional entre 1892 e 1893; xa en setembro do 2013 publicaron *"Camiños de escuma e vento"* de Manuel López, e a finais de decembro *"La capilla de la Misericordia (Viveiro), patronos y parentescos"*; trátase dun estudo da historiadora Mª Graciela Álvarez Casal sobre a emblemática capela fundada en 1603 por Rodrigo Alonso de Alfeirán.

En hora boa de novo á Asociación, promovida, entre outros, polo profesor do noso centro José Díaz López (Galleiro), por tan intenso labor en favor da nosa memoria histórica.

O alto da Gañidoira

Por José María Leal López

A medio camiño entre as vilas de Vilalba e Viveiro no concello de Muras atópase o porto da Gañidoira, cunha altitude media de 720 metros sobor do nivel do mar, sendo o paso da estrada autonómica LU-540, este alto sitúase dentro da Serra do Xistral, que cos seus montes atravesa toda esta zona, delimitando a Terra Chá e a Mariña lucense, polo cal este vial serve de comunicación entre a costa e o interior das provincias de Lugo e A Coruña.



A estrada da Gañidoira descorre entre Ourol e Muras coma se dunha serpe se tratase; semella encantar aos viandantes nas invernais noites de néboa...

Dende o alto da Gañidoira, pódense divisar unhas belas vistas panorámicas de toda a zona montañosa que o rodea; por un lado, está o macizo do Xistral, cos montes de A Xestosa, Guriscado, O Chao, Curuxeira, Lebureiro, O Cadramón e a Pena do Seixo. Por outra banda, na Serra do Xistral conflúen dous climas, que son o de montaña que choca cos climas do mar Cantábrico e do océano Atlántico, que fan que sexa unha das zonas de España onde menos sol se recibe, xa que abundan as néboas frecuentes procedentes do mar que percorren os chans altos dos montes da serra, de xeito que produce abundante humidade e choiva frecuente que molla todas estas montañas e fai que medren abundantes pastos onde habitan os cabalos e as vacas de forma permanente en estado semisalvaxe; a vexetación é típica da montaña, con toxos, acivros, nardos, salgueiros, buxos, piñeiros de baixo crecemento, xestas, queirogas e algúns que outros máis. Os ventos baten con forza durante case todo o ano, e varían a súa dirección e intensidade permanentemente, así que na actualidade proliferan as instalacións de muíños de vento que producen enerxía eléctrica de forma ecolóxica, limpa, e segura.

No inverno abundan as nevaradas, como a que se amosa na fotografía, creando unha paisaxe branca espectacular, cando isto ocorre o tráfico pola estrada vese afectado pola neve, e ata fai uns anos o porto pechábase mentres non se limpaba a estrada, pero hoxe en día coas modernas máquinas quitaneves practicamente sempre está aberto. Incluso o máis perigoso poden ser as capas de xeo que se forman no pavimento e que fan que a estrada estea moi esvaradiza polo normalmente se lle bota sal.

O alto da Gañidoira é un lugar cheo de encantos, tanto polas excelentes vistas como polo contorno que o rodea, con pequeñas aldeas ao seu carón, onde se comen os pratos típicos da zona, as bestas e vacas salvaxes ceibas e as distintas paisaxes que hai ao longo do ano, constitúen unha característica típica da zona.

Para chegar ó alto da Gañidoira dende Viveiro, hai que percorrer unha distancia duns 22 quilómetros,

aproximadamente, en constante subida dende a beira do mar, cunha pendente media dun 3,19%, ata chegar ó cume de 720 metros. O traxecto é bastante longo: dende o seu comezo a carón da Ría de Viveiro, a LU-540 pasa por Landrove, logo sobe as perigosas curvas da Arredoada, sombrías todo o ano pola gran masa de eucaliptos que hai nesa zona e que fan que o seu chan estea esvaradizo sempre; logo con estrada máis ampla e sen zonas de sombra pasase por Vilares, Merille e Ourol, co grande viaduto recén construído, despois Xan Branco, Leganitos, para acabar na zona de Picoverde e a da Gañidoira.

A antiga e primitiva corredoira por onde circulaban as carruaxes e cabalerías, que ía á beira das ladeiras dos montes ata chegar ó alto, tiña moitas curvas e pontigos sobor dos ríos e regatos, era coma unha serpe, pero ó longo dos anos foi sufrindo varias remodelacións que a foron mellorando notablemente, dándolle maior amplitude e seguridade coa supresión e reforma de moitas curvas especialmente cerradas, tal como se pode ver na fotografía do trazado. Tamén se reformou a sinalización, tanto vertical coma en horizontal, na estrada facéndoa máis segura. Pero aínda así , para os que somos desta zona e os que veñen de fóra en épocas invernais, constitúe unha verdadeira aventura perigosa, unha misión case imposible, viaxar por ela e pasar polo porto da Gañidoira, coas néboas espesas que impiden a visibilidade totalmente, ademais a choiva e as fortes xeadas fan da estrada unha pista de xeo; as nevadas, acompañadas do forte vento racheado que sopra ata incluso mover os coches. A isto hai que engadir a presenza dos animais soltos que permanentemente cruzan a estrada, constituíndo un gran perigo para a circulación xa que non só as vacas e os cabalos, senón tamén os xabaríns, corzos, lebres, raposos, ourizos, etc. En fin, convértese en toda unha aventura pasar por aí. Ó longo do tempo producíronse moitos accidentes ó impactar os vehículos con todos estes animais que se cruzan, incluso houbo xente ferida de gravidade. Eu mesmo podo contar o impacto contra dous cabalos, un xabarín, algún gato despistado e tamén os choques contra o parabrisas dalgún paxaro en voo rasante, pero grazas a Deus só avariei un pouco o coche.



- Ponte sobre o rego da Xestosa (trazado primitivo), durante unha nevarada do ano 1985 -

Durante moitos anos o alto da Gañidoira foi o "paritorio" de moitas embarazadas que ían dar a luz ó hospital de Lugo e se lles adiantaba o parto alí, en parte debido ao traqueteo da viaxe; porque antes do 1986 non existía o servizo de maternidade no hospital da Costa, entón as ambulancias de Fernando, que eran as que había, tiñan que parar e o condutor axudáballes no parto, para o cal xa tiña os útiles máis elementais para iso. Moitos nenos e nenas naceron por alí, e tamén moita xentiña faleceu durante a viaxe ó non aguantar un infarto ou outras graves doenzas no longo traxecto ata Lugo.

Dáse a curiosidade que o cruce que hai no alto da Gañidoira, ata hai uns anos, estaba moi mal sinalizado, e daba lugar á confusión polo que moitos automóbiles que ían cara a Viveiro desviábanse ata o Viveiró, xa que ás veces non se vía o acento gráfico, ou a xente de fóra non o percibía; por iso alí acabaron varios artistas que viñan actuar a Viveiro, tamén viaxantes, camioneiros, visitantes e incluso equipos de fútbol, toda unha picaresca. En fin é coma ver unha película de aventuras no cine, e como dicía un viaxante que viña de Madrid que polas néboas se perdeu por alí e foi dar a Balsa no Viveiró, " Por aquí a duras penas pasarás, pero nunca más lo olvidarás". Boa razón que tiña.

(Viveiro, novembro de 2014)

* * * Historia dun esqueleto * * *

Son un esqueleto, fun un catedrático na miña vida , un señor bo e honrado. Aquí vos deixo un relato que me pediu que escribira un amigo meu.

Na morte non podía ver, igual ca os outros esqueletos. Fai pouco un amigo meu deixoume un ollo de cristal cuns folios e un lapis para que escribira. Non sabía ben que era un ollo de cristal ata que mo puxen na cunca onde estiveran antes os meus ollos, coa sorpresa de que, podía ver con el !

Podía ver o cemiterio, había tumbas de mármore branca e negra, tumbas de granito non moi luxosas, había mausoleos,... o chan estaba feito sobre a mesma terra. Moitísimas flores adornaban as lápidas, flores moi bonitas, aínda máis que cando llas regalas a unha muller para a engaiolar!

Así que como me pedira meu amigo comecei a escribir, o día antes de Samaín.

No meu cemiterio hai moitos mortos, tantos e tan vellos que algúns non se acordan nin cando morreron.

Quería charlar con eles para ver se podía obter algunha historia para ti, meu amigo, aquí tes as máis curiosas e interesantes.

Vencedores e vencidos

Cerca de min hai un esqueleto que fora un loitador, notábaselle, tiña moitas fracturas nos ósos. Contoume esta historia:

Díxome que era un competidor que era case invencible, o campión, pero un bo día un novato quitoulle o título. Despois de aquilo xa non tiña patrocinadores nin o quería ningún equipo de loitadores. Acabou na rúa e morreu así de fame e de tristura.

O soldadiño valente

Unhas tumbas sen nome na lápida, unha pedra para tapar o cadáver, porque nin tiñan ataúde sequera. Acerqueime a charlar cun esqueleto que fora soldado que parecía triste e contoume esta historia:

Na guerra adestreime moi duramente, era o mellor do pelotón, o que mellor decisións tomaba, o máis valente o que mellor loitaba do pelotón, nunca me gustou a guerra, pero para min era apaixonante deslizarme por corredores estreitos, esquivar disparos,...

Recordo como morrín, estaba a punto de gañar o pelotón inimigo cun lanzamísiles pero eu fixen unha loucura,... corrín, disparando a todos os inimigos, collín unha granada dun dos mortos e lanceína con todas as miñas forzas para alcanzar o lanzamísiles que mataría todo o pelotón, a granada fixo explotar o lanzamísiles, e acabei con aquela perigosa arma, pero un inimigo disparoume ao estómago e quedei gravemente ferido. Os meus compañeiros intentaron salvarme, pero o sarxento negouse a levarme a un hospital, e, así morrín.

Morrín coma un heroe para os meus compañeiros, pero coma outro do montón para os comandantes.

Así acabei cunha lápida de pedra. Pero foi o mellor regalo do mundo, porque ma fixeron e puxeron os meus amigos xa que non lles daban nin un duro por ir á guerra a morrer. Non importa o prezo do regalo, senón que se faga de corazón. Aínda que xa non teñamos!

Vaia oh, non me podo rir, lástima!

Pareceuse alegrar bastante pola nosa conversa. Charlamos un rato máis e díxenlle que volveríamos falar outro día.

Meu pai, meu amigo

Non sabía nada do meu pai Xosé. Non fun ao seu enterro nin souben onde o enterraran. Ata que oín que estaba no cemiterio da cidade. Así que decidín ir velo. Quería algunhas respostas, porque nunca souben como morrera.

Cando cheguei busqueino e atopeino, charlando cun grupo de esqueletos, pareceu recoñecerme, porque veu cara min correndo e démonos unha aperta que por pouco me rompe unha costela.

Pasara uns tres anos fóra e contoume todo o que lle ocorrera. Aquí comeza o seu relato:

Cando cheguei contratáronme como agricultor, gañaba bastante pero non estaba satisfeito. Así que formei un equipo con cinco amigos e fómonos ás minas en procura de ouro, tivemos éxito conseguimos uns douscentos dólares polo ouro, logo contratáronnos como médicos, despois de varias clases. Alí traballamos moito tempo, e nos ratos libres volviamos á mina.

Un bo día chegou un enfermo cun aspecto terrible, case parecía un morto! Quedei impregnado daquel terrible virus e para non sufrir máis contaxios botáronme fóra e negáronse a atenderme, así morrín pouco a pouco.

Despois de despedirme, volvín ao cemiterio máis contento ca nunca.

Metinme de novo na miña tumba e deixei o relato ordenado para o meu amigo.

Espero que vos gustaran as historias deste cemiterio, e deséxovos que pasedes un bo Samaín.

Lucas Gómez Pereira 1ºA

O martes, 11 de novembro, celebramos o

DÍA DO PEÓN

Coma en anos anteriores, á hora do recreo, reunímonos no patio para "bailar" o peón e facer demostracións, concursos de filigranas, baile e decoración.

De todos os participantes resultaron significativas as demostracións de resistencia que fixeron Vicente Louzao Ramos de 2º de Soldadura e Jordi Meitín Serantes, tamén de Soldadura; no apartado de filigranas os mellores foron Sergio Martínez Pajón de 1º ESO-C e Marcos García Rego de 1º ESO-A, mentres, en decoración o primeiro premio foi para Ivana Polo Fraga de 1º ESO-B.

Segundo os profesores organizadores do evento, acadáronse os principais obxectivos con esta actividade:

Divulgar, recuperar e conservar as actividades lúdicas tradicionais favorecendo a relación entre os alumnos e profesores.

Diversificar a oferta de actividades que promoven o exercicio físico e o xogo cooperativo.

Tamén se editou un folleto explicativo do xogo do peón tomando como base o artigo de J.Mª Leal publicado no nº 42 do Provisional en 2008.

Inicialmente estaba previsto facela festa en San Roque pero ao chegar alí e debido ao mal tempo tivemos que baixar en bús e celebralo no pavillón polideportivo.

MAGOSTO 2014

Os alumnos de 1º da ESO acompañads polos profesores, Fran Basanta Barro, Mª Luz Fernández Díaz, Sabela Barcón Soto e Carlos Castedo Melán, subimos a pé ata a área recreativa do Monte San Roque onde íamos facer o magosto deste ano 2014. (Na foto podedes ver o grupo no mirador ao pé da capela).

Como diciamos na entradiña, comezou a chover e o mal tempo fixo que os profesores decidisen baixarnos en bús para continuar a xornada de celebración dentro do pavillón polideportivo. Para a maioría de nós era a primeira vez que subiamos andando ata San Roque, e ao final lográmolo neste día frío de outono.

Foi estupendo pasar unha mañá xuntos fóra do recinto escolar; a xornada foiu boa tamén para xogar coas buxainas que nos deron fai uns días cando se conmmemoou a festa deste xogo; tamén aproveitamos para facer amigos porque o ano pasado estabamos en colexios de Educación Primaria diferentes.

Victor Goyos Mariña participou no **Galiciaskills 2014**

Organizado pola Dirección Xeral de Educación, F. P. e Innovación Educativa, GaliciaSkills 2014 pretende darlle unha maior proxección e difusión á formación profesional a través dun campionato eminentemente práctico que consiste no desenvolvemento de competicións relacionadas coas especialidades da F.P., nas que os participantes miden as súas destrezas e demostrán as súas capacidades na realización das correspondentes probas. Cada centro pode presentar, segundo o sistema de selección que considere oportuno, un/unha competidor/ora por skill, tendo que ser alumnos/as matriculados/as en ciclos formativos e cunha idade máxima de 21 anos feitos durante 2014.

Cada alumno é acompañado por un profesor que actuará como titor e que se encargará da súa preparación para a competición.

Como dixemos, no caso do noso centro participou Victor Goyos Mariña do CM de Soldadura e Caldereiría, acompañado polo seu profesor-titor Eliseo Maseda Iglesias.

¡Parabéns!.

Ventá aberta aos libros

DENDE O CONFLITO

Novela para aquelas e aqueles que buscan algo máis ca unha historia, pois María Reimóndez crea protagonistas comprometidas, mulleres que non refugan enfrontarse ao conflito, sexa cal sexa. Neste caso seguindo a unha reporteira da BBC, Saínza Combarro, viviremos as situacións extremas dos conflitos bélicos do Congo, Irak, Afganistán...e tamén as dos desastres naturais como o de Haití. Unha novela que nos fará reflexionar sobre a violencia, o papel de Occidente no mundo actual, as desigualdades e a marxinación, os sentimentos, a capacidade de resistencia dos seres humanos...

A ESMORGA

Da conxunción do talento de Eduardo Blanco Amor, que imaxinou a que é unha das mellores novelas da literatura galega, e Ignacio Vilar, un dos directores máis sólidos do cine galego, xorde a película homónima A esmorga. Dende a súa estrea nas salas comerciais o 21 de novembro, ou sexa, dende fai dez días, lévana visto máis de vinte mil persoas. É o momento axeitado para achegarse á novela e ao mesmo tempo ao cine máis próximo para descubrir as razóns do éxito do libro e da película.

NOVA GRAMÁTICA FINESA

Diego Marani, autor da novela Nova gramática finesa, é coñecido dende mediados dos noventa por ser o inventor do europanto, unha lingua artificial froito da mestura de elementos de diversos idiomas europeos. Este apaixonado das linguas reflexiona sobre o papel que cumpre a lingua materna na construción da identidade a través da historia dun soldado ferido no 43 durante a Segunda Guerra Mundial, o cal deberá emprender unha viaxe na procura de toda a súa memoria, pero algo falla.

CIDADE DE CRISTAL

Cidade de cristal fora nos seus comezos unha novela de Paul Auster, logo adaptouna con gran éxito ao cómic Paul Karasik. Pois ben, agora Xavier Queipo e a editorial El Patito vértena á lingua de Galicia e así poidamos descubrir por que é considerada unha das obras mestras da novela gráfica do século XX.

PAE

IES MARÍA SARMIENTO
ies.maria.sarmiento@edu.xunta.es
http://www.iesmariasarmiento.net

TRÁXICO ACCIDENTE

Nos últimos momentos nos que redactabamos este xornal, coincidindo coa ponte da Constitución, produciuse o fatal accidente de tráfico en Magazos no que faleceron dous ex-alumnos do IES María Sarmiento, Jaime García Dovale e Alberto Rodríguez López.

O noso pesar á súa familia e amigos.

outras actividades

Ademais das actividades que sinalamos detalladamente, houbo outras que resumimos a continuación:

-Viaxe dos alumnos de Soldadura e Electromecánica a Oporto.

-Visita a INDITEX dos alumnos dos ciclos de Administración.

-Asistencia a unha obre de teatro en Lugo dos alumnos de Francés.

-Charlas sobre mellora da convivencia a cargo de responsables da Policía Nacional

Os alumnos do Ámbito Lingüístico e Social de 3º de Diversificación fixeron o venres 31 de outubro unha visita ao mercado local para ver estudar no seu contexto o sector primario da economía do concello. Fixeron gravacións de audio e un vídeo aos produtores de flor da zona, un día especial xa que é cando se move máis flor (especialmente crisantemo) por mor da festa de defuntos.

PaLaBraS AzuLes

PaLaBraS AzuLes é un proxecto colaborativo cuxo obxectivo é crear, recoller, ampliar, organizar ou compartir recursos propios ou adaptados dirixido a profesionais da educación, preocupados pola mellora da expresión escrita. Está pensado principalmente para o profesorado que imparte clases de linguas, animación á lectura e/ou animación á escritura. Os recursos literarios poden ser aplicados na aula, con ou sen TIC, pero en casi todas as entradas ofrécense recursos 2.0.

De todos é coñecida a insuficiente atención que as veces se presta ao desarrollo da creatividade na aula; as presas por traballar todos os contidos curriculares, -en ocasións excesivamente contaminados pola supeditación aos libros de texto-, e outras, pola escasez de materiais que estimulen verdadeiramente o pensamento diverxente, apartan da rutina metodolóxica escolar este tipo de estratexias tan necesarias para a formación do noso alumnado.

O proxecto tamen persigue conseguir que os nosos alumnos disfruten do pracer da escritura como expresión e comunicación, e perder o medo á folla en branco, fomentando a creatividade a través da expresión escrita. Outro aspecto é establecer relacións de colaboración *on line* entre o profesorado de todo o Estado Español utilizando para logralo, como non, as redes sociais.

Pois ben, este proxecto no que participan os alumnos de PDC de 3º coordinados pola profesora do Ámbito Lingüístico e Social, Isabel Barcón Soto, vén de acadar un premio do Ministerio de Educación á Utilización das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) na Docencia.

O traballo desenvolvido dende o noso centro céntrase na figura de Vicente Risco, de quen se cumpreu en outubro o 130 anos do seu nacemento. Nun panel expositivo recolléronse as descripcións traballadas a través da técnica da "choiva de ideas" e, a través dun xogo de rol, analizaron situacións téoricas para dar a coñecer ao autor; tamén se pretendía lograr que os alumnos participantes adquiriran confianza e competencias en lecto-escritutra.

¡Parabéns!.

Máis infirmación en *http://elmarescolorazul.blogspot.com.es/*

xubilación: FIDEL ESQUEIRA HUERTA

- Fidel no Taller de Mecanizado -

Fidel chegou ao IES María Sarmiento despois de aprobar a oposición, en expectativa de destino, para dar clases de Prácticas de Metal. Estivo nesta situación durante os cursos 1997/98 e 1998/99. Ao ano seguinte obtivo praza definitiva como profesor de Soldadura, situación na que permaneceu ata a actualidade; durante varios cursos foi Xefe de Departamento de Mecanizado.

Desexámolle moita sorte nesta nova etapa vital.

* * *

OMISIÓN

No libro publicado por mor do 75 aniversario do centro no 2007 e no nº 37 (suplemento nº 5) do Probisional de data 22/06/2007 incluíuse unha relación de todo o persoal que tiña prestado servizos ata ese momento no IES María Sarmiento. Pois ben, o que fora profesor de Matemáticas e Debuxo Técnico dende o 02/01/1969 ata o 30/09/1977, Vicente Balseiro Castro (Colosia), non figura na devandita relación polo que lle pedimos desculpas.

Nesta sección, que comezamos no número 56, analizamos brevemente algúns filmes coa proposta de que sexan visionadas no contorno escolar e/ou familiar polo profundo debate ético e moral, e mesmo deontolóxico, que poden suscitar.

A película proposta nesta ocasión é "Hoy empieza todo" de Bertrand Tavernier (1999) protagonizada por Philippe Torreton que encarna a figura dun mestre, Daniel Lefebvre, que exerce nunha escola de educación infantil en Hernaing, un pobo minero ao norte de Francia, acosado pola crise industrial.

Dada a variedade de problemas sociais relacionados (alcoholismo, maltrato, fame, e ata incesto) vese inmerso nunha serie de circunstancias que fan que o seu traballo, como simple director dunha escola de infantil, sexa só unha parte dos múltiples roles que, voluntariamente, decide asumir.

Por exemplo, fai de mediador manténdose en contacto, case a diario, cos servizos sociais e establecendo unha relación entre o que sucede no exterior e o propio centro.

Tamén é negociador, con axentes do concello para solucionar algúns conflitos das familias; p. e.: buscar solución para o comedor escolar ou axudas económicas para as familias. Podemos verificar a relación triádica, característica da intervención por asesoramiento: consultor (Lefebvre), consultante (familiares) e cliente (neste caso os nenos).

Está claro que nun barrio periférico, azoutado pola crise económica, é probable que non existan lugares para o desenvolvemento comunitario e que o educador poida dinamizarlo a través da intervención comunitaria.

Na película, obsérvase que as relacións entre o profesor Lefebvre e os asistentes sociais non son todo o fluídas que cabería esperar, polo que se na escola houbera outros profesionais especialistas permitiríalle, ao noso protagonista, dedicar máis tempo aos seus alumnos (que é realmente a súa verdadeira vocación).

Tamén resulta curioso o papel das autoridades educativas, representadas pola figura do inspector, máis preocupado pola eficiencia do sistema que polos problemas reais da comunidade educativa; parece conformarse con que o sistema "funcione" sen colapsarse. Nunha escena da película alúdese á campá de Gauss, deixando entrever que o tratamento educativo cos alumnos que exceden en rendemento de 1,-1 desviación típica (é dicir, os que necesitan apoio ou os que sobresaen) xa non é posible.

Cremos que é unha película que pode dar pé á reflexión e ao establecemento de similitudes coa situación actual do ensino.

O Provisional

Rúa: Misericordia, 58
27850 - VIVEIRO (Lugo)
Teléf.: 982.56.04.49 - Fax: 982.56.23.06
Móbil 606.54.11.55 e 615.396.604
ies.maria.sarmiento@edu.xunta.es
http://www.iesmariasarmiento.net
Impreso, en papel reciclado, en PUBLILAR - Magazos - Viveiro
Depósito Legal: LU - 402-94
Viveiro, 19 de decembro de 2014
ANO XXI, NÚMERO 58
TIRADA 900 EXEMPLARES
DISTRIBUCIÓN GRATUÍTA a alumnos e profesores: 850 exemplares, por correo a antigos profesores, institucións, centros e medios de comunicación: 50
SUBVENCIONA:
EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO IES MARÍA SARMIENTO

COLABORAN NESTE NÚMERO 58

ALUMNOS:
Edgar Rego López, Lucas Gómez Pereira
Patricia Balsa Rodríguez,
Ana Mª Rivera Abad, alumnos de PDC,
alumnos de 1º de ESO
EX-ALUMNA:
Iria Moliner Piñón
PROFESORES:
Xosé Cabana
José María Leal López
INSPECTORA:
Magdalena Duarte Blanco
DISTRIBUCIÓN E ARQUIVO:
José López Peña, Lucía Lage Pol
Antonio González da Torre
Javier Caneda González
COORDINACIÓN E MAQUETACIÓN:
Néstor Timiraos Labaen

7 5 A MS07 220132

GRAN ANGULAR

A educación en España. Unha mirada retrospectiva (V)

Seguimos co percorrido pola historia da educación en España, dende finais do Antigo Réxime ata a actualidade, da man da Inspectora Magdalena Duarte Blanco; neste quinto capítulo trataremos da etapa que vai **dende o comezo do franquismo ata a Lei do 70.**

Este artigo foi publicado anteriormente no nº 63 de EDUGA (Revista Galega do Ensino).

(Por motivos de espazo dividimos en dous este capítulo que a autora publicou como un único denominado *A EDUCACIÓN DURANTE O FRANQUISMO)*

O 18 de xullo de 1936, co levantamento militar do xeneral Franco, comezaría a Guerra Civil española. Durante os tres anos de confrontación bélica, a vida social, educativa, cultural e política do país sufriría directamente profundas consecuencias.

Resulta evidente que a Guerra Civil acabou cunha experiencia educativa que había modernizar España nun período de tempo relativamente breve. A derrota republicana levou ao exilio e á clandestinidade a maioría dos liberais e reformistas e os logros conseguidos durante a 2ª República serían destruídos polo sector vencedor da confrontación bélica.

-Mestra e nenos da Escola Rural de Mosende (O Vicedo); anos 50 do século XX-

A Ditadura suporía no ámbito educativo o retorno a unha ensinanza confesional católica e fundamentada en tres premisas básicas (Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, 2004, p.5): educación acorde coa moral e dogma católicos, ensinanza obrigatoria da relixión nas escolas e dereito da Igrexa á inspección da ensinanza en todos os centros docentes. Significa, así mesmo, a separación de sexos, consecuencia da prohibición da escolarización mixta, así como o incremento do elitismo e a discriminación na ensinanza, manifestados principalmente na existencia dun sistema educativo de «dobre vía»: o bacharelato para as elites e outra vía para as clases máis desfavorecidas.

A Ditadura do xeneral Franco (1939-1975) impregnouse desde os seus inicios de aires tradicionalistas, ao tempo que o sistema educativo volvería ser un monopolio nacional e católico. Tamén produciría nos primeiros momentos un desmantelamento da política educativa republicana.

Nos primeiros anos da Ditadura ven a luz catro importantes leis educativas. A primeira, a Lei de reforma da ensinanza media, do 20 de setembro de 1938, en plena Guerra Civil, pretendía regular o nivel educativo das elites do país. Nesa mesma liña, o 29 de xullo de 1943 publícase a Lei que regulaba a ordenación da universidade. A terceira lei, que afectaba á ensinanza primaria, publícase o 17 de xullo de 1945, complementada por un decreto de 1967, proclamaba que a educación debería ter carácter confesional, patriótico, social, intelectual, físico e profesional; pretendía a unificación lingüística de todo o Estado e declaraba, ademais, a educación primaria obrigatoria e gratuíta con separación de sexos. A cuarta, a Lei de formación profesional industrial, promúlgase o 16 de xullo de 1949.

Na década dos anos cincuenta prodúcese certa apertura no ámbito educativo e promúlganse tres leis fundamentais. En primeiro lugar, a Lei de ordenación da ensinanza media ou Lei de Ruiz Jiménez, do 26 de febreiro de 1953, que significou un novo enfoque da educación, ademais de supoñer un primeiro paso cara á xeneralización da escolaridade ata os 14 anos. A segunda lei, decisiva para a escolarización real da poboación infantil, foi publicada o 22 de decembro de 1953, sobre construcións escolares, na que se establece un sistema de convenios entre o Estado e os concellos e as deputacións para a construción de escolas. Finalmente, a Lei de 20 de xullo de 1957, sobre ensinanzas técnicas, contribuiría á normalización do sistema, ao incorporar á universidade as escolas de enxeñeiros e arquitectos e abrilas a un maior número de alumnos.

Posteriormente, nos anos sesenta fíxose evidente a necesidade de adecuar o sistema educativo ás novas esixencias sociais creadas polo desenvolvemento económico do país, necesidades ás que non podía atender o sistema tradicional (Seminario de Pedagoxía de Valencia, 1975, p. 169). O Estado asumiría cada vez maiores responsabilidades educativas, lográndose así unha mellora na escolarización e na calidade da escola pública. Paulatinamente, o poder educativo da Igrexa deixa paso ao da ensinanza pública, sobre todo en zonas rurais ou naquelas ás que non chegaba a ensinanza privada relixiosa. Ademais, os sesenta foron anos de distanciamento da Igrexa por parte do Estado; foron tamén anos de crecemento económico (investimentos do capital estranxeiro, turismo, emigración etc.) que producirían cambios na estrutura social. A aparición dunha nova clase media e o incremento do nivel de vida confluíron, no terreo educativo, no fenómeno denominado "explosión escolar", cunha resposta da Administración claramente insuficiente para satisfacer a demanda existente.

Non obstante, a política educativa destes anos baseouse nunhas leis sectoriais que apuntalaron unhas estruturas educativas incapaces de lles facer fronte aos problemas da nova sociedade que estaba xurdindo. Intentar afrontar ese reto sería o mérito da Lei xeral de educación de 1970 (Puelles Benítez, 2001, p. 25).

NOTA: as referencias e bibliografía sinaladas amosaranse no último capítulo